

CURSO

ACOMPañAMENTO SOCIAL E PSICOLóXICO PARA A RECUPERACIÓN INTEGRAL DE NNA VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL DO SISTEMA DE PROTECCIÓN Á INFANCIA

Impartido por: Médicos Do Mundo

Colabora: COTSG



DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivo.....	2
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario	4
7) Metodoloxía.....	4
8) Avaliación	5
9) Docencia	5

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comenzo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1.RESUMO DO CURSO



10 horas



A Coruña - Sede Médicos do Mundo
Rúa Entrepeñas 26, Baixo



Formación gratuita



21 e 22 de setembro de 2023



15 prazas

2. FUNDAMENTACIÓN

A ESIA, ou Explotación Sexual Adolescente, é un xeito de violencia contra a infancia e a adolescencia, incluída dentro dos múltiples tipos de vitimización sexual, que conta con unhas características particulares e diferenciais, así coma con importantes connotacións para a saúde pública e os dereitos humanos.

Actualmente a ESIA é descoñecida no noso país, mais os datos transmitidos por UNICEF indican que a explotación sexual afecta anualmente a dous millóns de NNA no mundo, asumindo que é imposible facerse á idea do alcance real desta problemática. Neste sentido, un dos principais factores de risco de sufrir este tipo de violencia é atoparse en contextos de vulnerabilidade, e esta é a realidade das nenas, nenos e adolescentes en calquera dos sistemas de tutela, á que hai que engadir ademais, a dificultade para a súa detección e, por tanto, actuación.

3. OBXECTIVOS

- Xerar coñecemento sobre o fenómeno da explotación sexual e adolescente en España.
- Mellorar as capacidades de detección de indicios e as consecuencias psicosociais da explotación infantil e adolescente.
- Capacitar ás e ós profesionais para a intervención coas vítimas

4. CONTIDOS

Módulo 1. Contextualización: De que falamos cando falamos de explotación sexual e trata de menores?

Módulo 2. Ferramentas de criba, indicios e detección da trata, explotación sexual. Impacto nas menores. Como podemos identificar situacións de explotación sexual e/ou trata?

Módulo 3. Pautas para intervir: qué facer se detectamos un caso?

5. PERSOAS DESTINATARIAS

Preferentemente profesionais do traballo social colexiados/as e precolexiados/as, que teñan interese ou desenvolvan a súa labor profesional no sistema de tutela, garda ou protección de menores.
So 15 prazas dispoñibles.

6. CALENDARIO

21 e 22 de setembro, de 9.00 a 14.00 h

A formación contará con 2 sesións presenciais:

SESIÓNS PRESENCIAIS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	21/09/2023	9.00-14.00
Sesión 2	22/09/2023	9.00-14.00

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía que empregaremos ó longo desta formación será a metodoloxía socioafectiva e a **aprendizaxe experiencial** dentro dun marco de educación non-formal.

Comenzamos cun convite a un exercicio reflexivo previo, sobre que ferramentas para a sostibilidade se utilizan na área de traballo social na que estás envolto/a, o que nos dará unha pista sobre o punto de partida do grupo e cales son as súas inquiredanzas e expectativas.

A partir de aí desenvolveremos as sesións potenciando a Intelixencia Colectiva, creando un espazo seguro a través do Círculo e da Comunicación Non Violenta, vivenciando a través do corpo e de diferentes ferramentas artísticas que complementaremos coa reflexión grupal e o marco teórico.

Para contextualizar e integrar de maneira máis efectiva as aprendizaxes, propomos un exercicio práctico final deseñado por cada participante, para aplicar o aprendido no seu lugar de traballo que pode ser acompañado por unha titoría individualizada.

8. AVALIACIÓN

Para superar a formación será precisa a **asistencia ao 75% das horas.**

9. DOCENCIA

Médicos do Mundo

Médicos do Mundo é unha asociación independente, que se move polos principios de asociacionismo, independencia, cooperación e transparencia.

Traballa para facer efectivo o dereito á saúde para todas as persoas, especialmente para as poboacións vulnerables, excluídas ou vítimas de catástrofes naturais, fames, enfermidades, conflitos armados ou violencia política.

Ten o compromiso de traballar por un cambio social cara unha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria, xa que son as condicións de desigualdade e inxustiza social as que se atopan na base dos problemas que impiden que tres cuartas partes da humanidade poidan desfrutar de saúde, e dunha vida digna.

Implementa en España, xunto a outras entidades, o I Plan de Inserción Socio Laboral a mulleres e nenas vítimas de trata e explotación sexual e contextos prostitucionais. Este Plan conta con distintas liñas de actuación, entre as que se atopa o acompañamento social e psicolóxico para a recuperación integral da saúde física, psicolóxica e reprodutiva de menores tuteladas, dentro do que se inclúe a formación ofertada.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)